



## CONCELLO DE MEIS

O artigo 13.c) da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2020 (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2019) establece que “ a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación”.

A estes efectos, acordo

Nomear como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria nos citados grupos mixtos na provincia de Pontevedra á persoa que ocupe o posto de director/a da oficina do Servizo público de emprego de Galicia competente para a tramitación da correspondente oferta ou a persoa en que delegue. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, á persoa que o substitúa.

O xefe territorial

Asdo.: Ignacio Rial Santomé

